



DATOS IDENTIFICATIVOS

Producción e realización en novos formatos

Materia	Producción e realización en novos formatos			
Código	P04G070V01909			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Garcia Pinal, Alfredo			
Profesorado	Garcia Pinal, Alfredo Legeren Lago, Beatriz			
Correo-e	alfredogpinal@mundo-r.com			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A4	Coñecemento do uso das técnicas e as tecnoloxías audiovisuais en función das súas capacidades expresivas
A13	Coñecemento da imaxe espacial e das representacións icónicas no espazo, tanto na imaxe fixa como audiovisual, así como os elementos constitutivos da dirección artística. Estes coñecementos tamén envolveren as relacións entre imaxes e sons desde o punto de vista estético e narrativo nos diferentes soportes e tecnoloxías audiovisuais. Tamén se inclúen os coñecementos dos modelos psicolóxicos especificamente desenvolvidos para a comunicación visual e a persuasión a través da imaxe
A23	Capacidade para aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe mediante as novas tecnoloxías da información
A36	Capacidade para deseñar e concibir a presentación estética e técnica da posta en escena a través das fontes de luz e acústicas naturais ou artificiais atendendo ás características creativas e expresivas que propón o director do proxecto audiovisual
A38	Capacidade para recrear o ambiente sonoro dunha produción audiovisual ou multimedia atendendo á intención do texto e da narración mediante a utilización de banda sonora, efectos sonoros e soundtrack
A40	Habilidade para o uso adecuado de ferramentas tecnolóxicas, especialmente informáticas, nas diferentes fases do proceso audiovisual para que o alumnado se exprese a través de imaxes ou discursos audiovisuais coa calidade técnica imprescindible
A42	Capacidade para definir proxectos persoais de creación innovadora que poidan contribuír ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación
B1	Capacidade de adaptación aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais
B2	Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común encamiñado á obtención de resultados
B3	Capacidade para asumir riscos: capacidade para asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
B4	Toma de decisións: capacidade para acertar ao elixir en situacións de incerteza, asumindo responsabilidades
B5	Práctica sistemática de autoavaliación crítica de resultados: valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos
B6	Orde e método: habilidade para a organización e temporalización das tarefas, realizándoas de xeito ordenado adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual
B7	Conciencia solidaria: respecto solidario polas diferentes persoas e pobos do planeta, polos valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, e polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de mulleres e persoas con discapacidade

Competencias de materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Coñecemento do manexo das técnicas e as tecnoloxías audiovisuales en función das súas capacidades expresivas	A4
2. Coñecementos achega da interrelación imaxe/son desde o punto de vista estético e narrativo aplicado á realización de vídeo e novos soportes	A13
3. Capacidade para aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe na realización videográfica i en novos soportes, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe	A23
4. Capacidade para deseñar e concibir a presentación estética e técnica da posta en escena a través das fontes lumínicas e acústicas naturais ou artificiais atendendo ás características creativas e expresivas dun proxecto videográfico	A36
5. Capacidade para recrear o ambiente sonoro dunha produción videográfica, atendendo á intención do texto e da narración mediante a utilización de banda sonora, efectos e soundtrack	A38
6. Habilidade para o uso adecuado de ferramentas tecnolóxicas, especialmente informáticas, nas diferentes fases do proceso de realización audiovisual para que os alumnos exprésense a través de imaxes coa calidade técnica imprescindible	A40
Capacidade para definir proxectos persoais de creación innovadora que poidan contribuír ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuales ou a súa interpretación	A42
8 - Competencias transversais da titulación: Adaptación aos cambios empresariais, capacidade de traballar en equipo, de asumir riscos, de tomar decisións, de autocrítica e conciencia solidaria	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7
9 - Sensibilidade cara á importancia que ten a distribución da produción audiovisual en mercados nacionais e internacionais como medio de difusión, conservación e valorización da cultura galega	B8

Contidos

Tema	
Bloque 1: Antecedentes históricos.	Tema 1. O experimentalismo no cine. Vanguardismo e cine non narrativo. O cine musical como precursor do video-clip. A publicidade cinematográfica. Evolución do modelo promocional do tráiler. O vídeo na rede.
Bloque 2. Produción e realización publicitarias.	Tema 2. Modelos de publicidade audiovisual. Tema 3. O spot como produto audiovisual. Preprodución, rodaxe e post-produción da peza publicitaria.
Bloque 3. O video-clip.	Tema 4. Estilos e variantes formais do video-clip: cinematográfico, narrativo, experimental, conceptual, estético, performance...Tema 5. A técnica da planificación do video-clip.Tema 6. A técnica da edición do video-clip.
Bloque 4. O teaser e o trailer.	Tema 7. O teaser: definición, tipos e obxectivos.Tema 8. O trailer: definición, tipos e obxectivos.
Bloque 5. A web 2.0 e a produción audiovisual.	Tema 9. Formatos e soportes. As curtametraxes na rede. Microrelatos. Ciberseries. Técnicas de animación flash.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	10	40	50
Presentacións/exposicións	10	15	25
Traballos de aula	10	20	30
Sesión maxistral	30	15	45

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	Deseño, desenvolvemento e rodaxe dun teaser e dun spot.
Presentacións/exposicións	Presentación, exposición e discusión dos traballos realizados polos alumnos.
Traballos de aula	Planificación dos traballos a desenvolver.
Sesión maxistral	Exposición teórica dos temas expostos no programa da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O alumno poderá usar as horas de tutoría para calquera consulta relacionada co temario
Traballos tutelados	O alumno poderá usar as horas de tutoría para calquera consulta relacionada co temario
Presentacións/exposicións	O alumno poderá usar as horas de tutoría para calquera consulta relacionada co temario
Traballos de aula	O alumno poderá usar as horas de tutoría para calquera consulta relacionada co temario

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Deseño, desenvolvemento, preparación e rodaxe dun teaser e un spot.	50
Traballos de aula	Actitude e participación do alumno no desenvolvemento dos temas de discusión e análise, e a súa participación e colaboración nos traballos de contido práctico.	20
Sesión maxistral	Realización dunha proba escrita ó final do cuadrimestre que consistirá nun test, unha serie de preguntas de contido teórico e un tema de análise.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

O método de avaliación será de tipo continuo, cunha atención permanente ao desenvolvemento dos traballos que se levarán a cabo; ás achegas en discusións e debates e á actitude participativa e positiva do alumno co fin de adquirir os coñecementos e alcanzar os obxectivos definidos na materia . Para poder facer a media é necesario superar a proba teórica, e para poder acceder á segunda convocatoria é necesario presentar previamente os dous traballos prácticos.

Bibliografía. Fontes de información

- García Guardia, María Luisa; Menéndez Hevia, Tania, **Fundamentos de la realización publicitaria**, Fragua Editorial,
- González Requena, Jesús; Ortiz de Zárate, Amaya, **El spot publicitario**, Ediciones Cátedra,
- Sánchez López, Juan Antonio, **Historia, estética e iconografía del videoclip musical**, Universidad de Málaga,
- Pérez Bowie, José Antonio, **Reescrituras fílmicas: nuevos territorios de la adaptación**, Universidad de Salamanca,

BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA

EGUIZABAL MAZA, Raul, *Historia de la Publicidad*, Madrid, Eresma&Celeste, 1998.

MEDINA, A., *Apuntes para un cambio de siglo publicitario*, Madrid, Cinca, 2004.

PENA RODRÍGUEZ, Alberto (coord.), *Comunicación y Guerra en la Historia*, Santiago de Compostela, Tórculo, 2004.

PIZARROSO, QUINTERO, Alejandro, *Historia de la Propaganda*, Madrid, Eudema, 1990.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Traballo de Fin de Grao/P04G070V01991

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais/P04G070V01203

Técnicas de edición dixital/P04G070V01304

Guión, produción e realización de programas de ficción/P04G070V01602

Guión, produción e realización para televisión/P04G070V01502